

MIRADOIRO DO ADRO

Que abatemento!

Por Ramón Díaz Raña

-“Discorre cachola, que estás na escola”. Así nos berraban aos cativos de Mondoñedo cando pasaban preto do Seminario e nos vían no salón de estudos; mandábanos discorrer sen saberen que algúns habitabamos no reino das esencias e da Metafísica.

É ben verdade: Cánto ten que discorrer a nosa cacholiña, na escola e na vida, para ir resolvendo as papeletas da limitada e finita existencia! Confeso que as obras do adro quentáronme a cabeza máis ca ningunha outra tarefa por min argallada. Fáiseme complexo contar como foi a obra do miradoiro do adro. Por sorte, e case como un milagre, atopei o caderno onde ía anotando as incidencias de cada día. Case non dou creto como puideren facer iso e con tanto detalle. Menos mal que en “Fálame de San Sadurniño” danme a oportunidade de publicar estes “documentos históricos” (!); do contrario puidera suceder que foran parar a algunha biblioteca e pasando o tempo un investigador despistado dera con eles aquí en Cáceres e, por estar en galego, atribuíralle a súa feitura a amanuenses do sabio Alfonso.

Certo que levaba tempo matinando no ben que quedaría continuar o muro de pedra que había no nacente e chegalo ata ao muro que subía á carón das escaleiras do Rosario. En toda a zona dos castiñeiros había un ribazo que, ademais de perigoso, inutilizaba moitos metros de terreo ao longo do camiño real. As miñas cavilacións comenteinas con algún albanel. Non aprendín máis do que imaxinaba: bonito si, pero custoso tamén. Unha tarde, sentados no cruceiro, expliqueille o meu soño a **Pepe Fernández Vigo** (xa teño falado del). Encantoulle a idea. Comprometeuse a falar cun amigo, técnico no tema, para que estudara o custe aproximado da obra. Non tardou en traerme (aínda o conservo) un folio no que aparece detallado o custe, en pedra ou con formigón. O conto ascendía a preto do millón de pesetas. Non nos pillou de sorpresa, xa que os nosos cálculos non andaban lonxe.

Vin algo de ceo aberto cando saíron por parte da Deputación unhas axudas para traballos que chamaban “comunitarios”: se unha sociedade ou un grupo de veciños se comprometía a facer unha obra (aportando en man de obra sobre o 60 % do presuposto), a Deputación aportaba o 36% do custe total do presuposto. Abríase algo de luz; pero o problema agora era como buscar e organizar a colaboración veciñal. Neste asunto, como en tantos outros, houbo que tirarse ao río e buscar o bico das troitas para rir antes de afogar. Noites de moito desasosego. Recoñezo que foi unha das decisións que máis me moveron as tripas polo arriscado das consecuencias. Víñame á cabeza a obra nunca rematada da caseta do vello campo de fútbol e tamén a dos palcos de Santa Mariña; traballos nos que participei sen ter eu ningunha responsabilidade. Solicitei a axuda da Deputación, expoñendo que se trataba dunha obra comunitaria. Efectivamente aprobaron a petición (15-12-83) como consta na copia do documento que se une a este relatorio; pero desde que se aprobou ata que

empezamos os traballos pasaron nove meses. Tempo abondo para unha longa dixestión. Ben se nota que o menú era pesado.

Muro de formigón ou de pedra? Apostei polo formigón porque imaxinaba que sería máis doado e máis rápido o traballo. Con pedra houbera quedado mellor ... Tamén miraba para a posible colaboración veciñal; parecíame máis fácil sendo en formigón. Para abrir a gabia veu (10 -setembro- 1984) a máquina pala de **Pita** (Freixeiro Narón) que entre o desprazamento e o traballo custounos 18.000 pesetas. Esa mesma tarde empezaron os sufrimentos, xa que a pala escangallou unha canalización de auga que saía de debaixo dos castiñeiros e ía para os regados. Eu ben vía que a auga que ía para os regados manaba de debaixo dos castiñeiros, pero descoñecía que houbera alí tapada algunha canalización. Despois comentáronme que esa obra –que estaba moi ben preparada con seixo branco no fondo e lousas nos laterais e no teito- mandáraa construír, había anos, un Almirante que pasaba as vacacións do verán na casa de **Adelina do Casal**. Daquela, os dos regados denunciaron o latrocinio e ganaron o preito; o Almirante quedou sedento e rabioso, pero a herba dos regados reverdeceu alegre cos pés mollados.

Foi o primeiro problema –e non pequeno- co que nos atopamos e que non demos amañado con xeito nin despois de acabar a obra. Menos mal que na Era dixital os regados non teñen prezo; pero daquela, na Era da gadaña, eran a riqueza da casa. Como cambian os tempos!. Por iso se trabucan tanto os que invisten na Bolsa. Abrimos unha entrada no muro, preto da fonte, coa idea de darlle vida a escaleira do Rosario. Estaba morta; por ela so pasaban as formigas de día e o golpe de noite. É ben sabido que o uso é o que dá a verdadeira razón de ser as cousas. Xa dicía meu padriño: *“Usade os aparatos! Usade os aparatos! O desuso estraga tanto como o uso”*. O condenado, sendo como era un recoñecido capador, non debía dicir iso.

A escaleira do Rosario, sendo unha obra tan ben feita, na práctica non servía para nada. Ao abrir o paso por alí, tamén pretendía suplir outra escaleira; pois á carón do muro da antiga finca do Mosteiro subía, desde o camiño real ata o adro, unha escaleira feita con lexas; estaban pousadas no chan, sen ningunha base. Habíaas moi gastadas polo paso do tempo e polos cravos das zocas. Era o aceso normal dos veciños da Curuxa e Piñeiros para achegárense á igrexa. Axeitadiñas para levar boas cuadas pois era ben doado esvarar. **Jaime da Fraga** axudounos co seu tractor a recoller o pedregullo da parede. Pensamos que ía caber en tres sacos, pero aquilo parecía unha canteira. A xeadada de febreiro non minorou o suor do esforzo.

Máis ou menos, tíñamos o traballo organizado da seguinte maneira: entre **Arturo Castrillón, José do Zapateiro** e máis eu preparábamnos a caixada para o encofrado e despois avisábamnos na procura de axuda para encher de formigón e pedra. O peso levámolo entre os tres. O meu santo irmán **José María**, que aparece repetidas veces nos apuntes, máis dunha vez nos sacou de apuros coa súa recoñecida forza.

Polo que me din, hai uns días que enterraron a **José**. Teño un gratísimo recordo del, como tamén de **Arturo** de quen xa falei con motivo do hórreo. Entre outras moitas paroladas de **José** lembro esta que poño aquí como recordo agradecido e agarimoso. Díxonos nunha ocasión: *“Non sei se sabedes que o orneo dos burros é o que chega máis*

lonxe". "Pois non", respondemos á vez Arturo e máis eu. "Pois mirade: -engade José mentres sorría tendo o cigarro na man- ornea un burro en Cornide e respóndelle outro no Rupiallo, outro despois en Silvalonga ... e así de seguida pasa a Santa Mariña e, en arte do demo, chega a Valdoviño". Rimos a ocorrencia. Pero o asunto veu porque pasara por alí **Elisa** e, entre outras trapalladas, contounos que oíra na televisión que se ían acabar os probes. Os tres negámoslle en redondo o seu aserto; eu incluso lle asestei que iso ía en contra do Evanxeo. Pero seguía erre que erre e foise encabuxada rosmando entre dentes. **José**, con moito tino e logo que ela se foi, aplicoulle o conto do orneo dos burros. Ben traído!! Dáme a alma, Joseíño, que estás na Gloria con Deus. Ti, cando pisabas lama, emocionábase cos bos feitos da xente; agora o teu espírito gozará da infinita bondade de Deus Pai.

No nove e dez de xaneiro anoto que enchemos a esquina do fondo contra o muro vello. Lembro que botamos alí varios camións de terra que veu dalgún desmorte que se estaba facer para algunha construción. Era moi boa terra; por iso o tileiro que plantaron alí, cando chegue a adolescencia, vai ser un chulo e un desagradecido. Xa o veredes. Non son capaz de lembrar quen nos regalou a terra. As parras, como se ve nas notas, foron de **Vilariño**.

Nos apuntes aparece que se avariou a formigoneira. Era de **Manolito de Rico**. Prestábase moi ben porque se podía amasar nunha tacada un saco de cemento. Iso daba moito adianto. Non lembro se alguén nos prestou outra amasadora ou se a tivemos que mercar; mais ben penso que alguén nola prestou. Do que estou seguro é de que a Manolito non lle pagamos a del. El e **Pancho de Cornide** facilitaron tamén a madeira para o encofrado e **Américo** prestounos os andamios. Nas notas aparece que varios rapaces, ben novos, botaron unha man. (Mais ben dúas, pois xa daquela eran dispostos para o traballo). Agora algúns xa acanearán os seus netiños. Dá alegría facer este repaso e ver que moita xente nos empuxou co que puido. Fun anotando tamén os donativos que recibía e gastos que ían pagando. Ao final aparece un resume das axudas. Debo aclarar que eu nunca fixen nin en público nin en privado petición algunha. Custábame abondo ter que mandar recado para que se sumaran ao traballo. Non nacín para capataz e menos aínda para mandar traballar. Con todo, sabede os que vos atopades na lista que vos debo algún xornal. Non mo pidades con xuros pois a pensión é cativa.

Nun verán que pasei por Sansa fun ver a remodelación que se fixo no adro. Para gustos se pintan as cores. A min non me gusta como quedou; pero, como son arte e parte, a miña opinión ten pouco valor. O que si non entendo é que mal facían as dúas mesas de pedra que puxéramos preto do hórreo. Non adiviño que razóns puideron dar para quitarlas. E para colmo parece que as levou o vento, como pasou coa que estaba no "merendeiro" da horta do Pazo. Onde están? Quen as comeu?. Eu preguntei por elas e, polo de agora, ninguén me soubo responder. Seguro que non preguntei a quen tiña que preguntar. Recoñezo que sobre gustos non hai nada escrito. Cada quen ten o seu e parte de bases diferentes para facer e desfacer. Por iso eu non entendo. A mesa grande colocáaa o meu antecesor como altar na igrexa. Quiteina en agosto do 1981 cando a ordenación sacerdotal de **Enrique Barros**, porque nos complicaba moito para os movementos da cerimonia. Ademais a min tampouco me gustaba o seu

emprazamento na igrexa. Pero no adro e ao lado do hórreo sigo pensando que alí era o seu sitio.

O quitarlle o “pasamáns”, que puxéramos ao longo de todo o muro, seguro que estivo motivado porque empezaría a esfargallarse. Non me estraña. Sempre desconfiei porque non tiñamos medios para apertar ben a masa e que fixera corpo co ferro. Foi idea de **Arturo**. De feito eu apenas participei, como se pode ver nos apuntes. Bastábanse os dous sos; ademais os meus osiños pedían vacacións. Arturo foi quen levou a “dirección” de toda a obra. No meu pouco saber apuntáralle que debíamos facerlle ao muro un corte ou separación para que ao repisar non rebentara. Dixo que non facía falta. Ignoro o resultado.

Nese día de visita baixei á fonte para refrescar a cabeza e o estómago con esa auga tan fresquiña no verán. Alí vin que a entrada que fixeramos no muro estaba medio tapada cunhas madeiras vellas ... Estrañado preguntei alí mesmo a quen me acompañaba: “*E isto*”? Respondeume coa boca pequena: “*Pois verás: din que dixo que polas noites viña o Diaño a facer das súas aquí á fonte*”. Co ruxido da auga non escoitara ben. Volvín preguntar, e de segundas afirmou o mesmo. A cabeza comezou a estalarme e o mundo enteiro dábame voltas. E con ese mareo unha vez máis caín da burra. Eu, que me teño por listo e que no ano 1969 lera detidamente en Roma o libro “*De correctione rusticorum*” do noso San Martín Dumense onde fala claramente das marabillas que fai o Demo nas fontes e avisa de que non nos deixemos engaiolar , eu , si eu mesmo, funlle abrir un burato para que cando pasara polo camiño real lle fora máis doado entrar á fonte para facer das súas. Non tes perdón, Monchiño. Mareado, avergonzado e co corazón nun puño fun subindo as escaleiras. Sentado na soleira do hórreo din en cavilar se aqueles mareos e apertas do corazón non serían cousas do mesmo Diaño. Menos mal que ao pouco o meu Anxiño veume dicir –en galego como debe ser-: “*Non te culpes nin te aterres. O Diaño anda solto como cabra por todo o mundo. Non precisa buratiños nin noites escuras*”. Agradecín a caricia espiritual, respirei fondo e funme.

Abril 2016